

ANTÓN GRANDE PRESENTOU EN LUGO O SEU LIBRO DE RELATOS URBANOS *MADIA LEVA!*



Henrique Alvarellos, Antón Grande e Xosé de Cora, na Galería Sargadelos

- Publicado por Alvarellos Editora, está ilustrado por Quique Bordell e conta cun limiar de Xosé de Cora.
- Unha trintena de relatos cotiás que sempre acaban sorprendendo ao lector.
- Antón Grande: “A miña é unha narrativa urbana. Son contos moi breves que parten dunha anécdota ou dato moi concreto e sobre el tentan facer un mundo”
- Xosé de Cora: “*Madia leva!* é un libro de Lugo, con personaxes e ambientes ben recoñecibles para todos os cidadáns”.

A Galería Sargadelos de Lugo acolleu hoxe ás oito da tarde a presentación do novo libro de relatos do xornalista e escritor Antón Grande. Titulado *Madia leva!*, está publicado por Alvarellos Editora, ilustrado polo artista lugués Quique Bordell e prologado polo xornalista e director xeral de El Progreso, Xosé de Cora.

alvarellos

EDITORA

Madia leva! desenvólvese ao longo de trinta historias cotiás que de súpeto encaixan o abraio do inesperado. Dende as tabernas de Lugo até os ceos imposibles de Nova York. Antón Grande transita por paisaxes e xentes do seu contorno vital e crea un universo breve, fragmentado e relativo, ou sexa, narra o que podería ser o noso propio existir. Pé da prosa emerxen, poderosas, as ilustracións sempre a contraíño de Quique Bordell.

O autor definiu os seus escritos como “relatos urbanos. Son contos moi breves que parten dunha anécdota ou dato moi concreto e sobre el tentan facer un mundo. Todos eles tentan ter un desenvolvemento sorpresa que eu sempre busco, como facía Fole. Son relatos para ler por esa xente que anda sempre con présas. No AVE ou no Metro, se tivéranos AVE ou Metro en Lugo, que non é o caso, polo que eu recoméndoo entón ler por exemplo no coche de liña que vai de Lugo a Lalín”.

O autor do limilar, Xosé de Cora, incidiu no carácter fundamente lugués desta obra: “*Madia leva!* é un libro de Lugo, con personaxes e ambientes ben recoñecibles para todos os cidadáns”. Sinalou, doutra parte, que “é un libro moi ben escrito e, tamén hai que dicilo, fermosamente editado”.

Para o editor, Henrique Alvarellos, “tanto a prosa de Antón como as ilustracións de Quique Bordell, xogan cunha fonda ironía trala que mostran os comportamentos vitais máis comúns e tamén, e ao mesmo tempo, inesperados. Os relatos de Antón Grande encádranse na mellor escola dos narradores breves das nosas Letras”.



O editor e o autor



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137